



LUIS REGAL PAVÓN, Secretario do Consello de Administración de EVISLUSA,

CERTIFICO: Que o Consello de Administración da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA), en sesión extraordinaria celebrada o día 12 de xuño de 2008, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

" 1.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO MODELO DE INSTRUCCIÓN INTERNA QUE REGULA A SELECCIÓN DO CONTRATISTA E ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA.- En data 27 de abril de 2005 aprobáronse os pregos-tipo que haberían de rexer os contratos de obras e subministres, consultaría e servizos firmados por EVISLUSA, ó amparo do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (e, segundo o aconsellado na Instrución do Servizos Xurídicos do Estado 3/2005.

Entrando en vigor a nova **Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público**, que cualifica, no seu **artigo 3** como sector público ás sociedades mercantís en cuxo capital social a participación, directa ou indirecta, de entidades locais sexa superior o 50 %, e, como poder adxudicador, a tódolos entes con personalidade xurídica propia creados especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral (lembremos que o artigo 1 dos Estatutos de EVISLUSA comeza dicindo que "a sociedade ten por obxecto, sempre que sexa *de interese público (...)*"), procede, segundo ó disposto no **artigo 175 b)**, para aqueles contratos non suxeitos a regulación harmonizada, a aprobación dunhas instrucións, de obrigado cumprimento no ámbito interno, nas que se regulen os procedementos de contratación, que garantan os principios de publicidade, concorrência, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación, adaptadas ó novo réxime de contratación.

Prevía explicación do alcance da proposta por parte da Sra. Directora-Xerente, que, entre outras cuestións, especificou que a Xefa da Asesoría Xurídica, con data dez do presente mes, emitiu informe sobres as instrucións, indicando que se axustan ós principios de publicidade, concorrência, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación, destacando a súa rigurosidade nalgúns aspectos.

Polas razóns expostas, e a vista da proposta da Presidencia, o Consello de Administración, por unanimidade dos seus membros asistentes, **ACORDA** aprobar o modelo de instrución interna que regula a selección do contratista e adxudicación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada, có seguinte texto:

Único.- Aprobar o modelo de instrución interna que regula a selección do contratista e adxudicación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada, có seguinte texto:

INSTRUCCIÓN INTERNAS DE CONTRATACIÓN

I.- Introducción.

A Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP) é de aplicación a tódolos suxeitos do Sector Público, se ben diferenza o



nivel de sometemento ás súas prescricións, e a tal fin distingue, ós efectos de dita Lei, entre Sector Público, Administración Pública e Poder Adxudicador.

As sociedades mercantís, entidades empresariais e demais organismos nas que a participación das administracións sexa superior ó 50 %, foran creados especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral e non teñan carácter industrial ou mercantil, e sempre que outro poder adxudicador financie maioritariamente a súa actividade, controle a súa xestión, ou nomee a máis da metade dos membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia, se consideran como **Sector Público e Poder Adxudicador**, pero non Administración Pública, a efectos da aludida Lei 30/2007, polo tanto se lles aplica a mesma, de forma menos plena.

A LCSP regula separadamente a fase de Preparación do Contrato (Libro II) e a fase de Selección do Contratista e Adxudicación dos Contratos (Libro III), distinguindo, a súa vez, en cada unha das mencionadas fases a aplicación plena da mesma para a Administración Pública, da aplicación menos plena para o resto do Sector Público.

Os art. 173, 174 y 175 da LCSP establecen as normas que os poderes adxudicadores que non teñan carácter de administración pública, deben aplicar para la adxudicación dos seus contratos.

En concreto o artigo 175 establece que *na adxudicación de contratos non suxeitos a regulación harmonizada serán de aplicación as seguintes disposicións:*

a) A adxudicación estará sometida, en todo caso, ós principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación.

b) Os órganos competentes das entidades a que se refire esta sección aprobarán unhas instrucións, de obrigado cumprimento no ámbito interno das mesmas, nas que se regulen os procedementos de contratación de forma que quede garantida a efectividade dos principios enunciados na letra anterior e que o contrato é adxudicado a quen presente a oferta economicamente máis vantaxosa. Estas instrucións deben poñerse a disposición de tódolos interesados en participar nos procedementos de adxudicación de contratos regulados por elas, e publicarse no perfil do contratante da entidade".

A Disposición Transitoria sexta da Lei (Régime transitorio dos procedementos de adxudicación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada celebrados por entidades que non teñen o carácter de Administración Pública), indica:

1. A partir da entrada en vigor da Lei, e en tanto non se aproben as instrucións internas a que se refire o artigo 175.b), os poderes adxudicadores que non teñan o carácter de Administracións Públicas rexeranse, para a adxudicación de contratos non suxeitos a regulación harmonizada, polas normas establecidas no artigo 174.

2. Estas normas deberán igualmente aplicarse polas restantes entidades do sector público que non teñan o carácter de Administracións Públicas para a adxudicación de contratos, en tanto non aproben as instrucións previstas no artigo 176.3".



Polo exposto, e de acordo coa mencionada normativa, apróbanse as presentes **Instrucións relativas á contratación da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (EVISLUSA) considerada como poder adxudicador para aqueles contratos que non están sometidos a regulación harmonizada.**

II.- Disposicións xerais

Definición da entidade.

A Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo S.A. (en diante EVISLUSA), con CIF nº A 27299080, domicilio social en Lugo, Praza Maior, 1 e oficinas en Lugo, Quiroga Ballesteros s/n baixo (edificio Uxío Novoneyra) CP 27001, ten como obxecto social, segundo establece o artigo 1 dos seus Estatutos, sempre que sexa de interese público:

a realización de actividades urbanísticas dentro do termo municipal de Lugo, en beneficio dos seus habitantes:

- creación de solo urbano residencial, terciario, industrial e de equipamentos e usos que xeren emprego
- remodelación ou reforma de zonas urbanas
- redacción de plans de ordenación, proxectos de urbanización e de obras e cantos instrumentos e documentos de ordenación e de xestión urbanística estean contemplados na lexislación urbanística, así como a iniciativa para a súa tramitación e aprobación. A actividade urbanizadora poderá abranger tanto a preparación do solo e renovación ou remodelación urbanas, como a realización de obras de infraestrutura urbana e dotación de servizos para a execución de plans de ordenación
- promoción, construción e rehabilitación de toda clase de bens inmobles, destinados a servizos e usos públicos e a actividades industriais, terciarias e residenciais, incluídos os comprendidos no artigo 191 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia
- xestión e explotación de obras e servizos resultantes da urbanización no caso de obter a concesión ou concluír o convenio correspondente, conforme ás normas aplicables a cada caso
- realización das funcións de ámbito municipal que lle encomende o Concello de Lugo, relacionadas cos habitantes, a poboación, as infraestruturas, a política de solo e a xestión dos bens municipais, tanto patrimoniais como de dominio público. Para tales efectos, esta sociedade poderá asumir as competencias municipais que sexan delegables nas xerencias de urbanismo, e susceptibles de xestión en forma de sociedade mercantil, de conformidade coa lexislación urbanística, logo da delegación expresa previa, de ser o caso, do Pleno do Concello de Lugo
- investigación, información e asesoramento e colaboración en estudos e actividades técnicas relacionadas cós habitantes e o urbanismo
- realizar toda clase de actuacións relacionadas coa xestión do solo para calquera uso nos seus diversos aspectos de estudos e proxectos, obras de infraestrutura, urbanización e equipamentos
- calquera outra actividade relacionada coas expresadas nas liñas anteriores, incluso a construción, arrendamento e alleamento directo de



vivendas, naves industriais e comerciais, equipamentos e parcelas mesmo antes da conclusión da urbanización e edificación.

Réxime xurídico aplicable en materia de contratación.

En virtude do disposto no artigo 3 de Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP), EVISLUSA é unha entidade que forma parte do sector público e que ten a consideración de poder adxudicador. Neste sentido, os contratos que formalice a empresa terán o carácter de privados, rexéndose a súa preparación e adxudicación polo réxime contido substancialmente nos artigos 174 e 175 do citado texto legal, e en canto a súa extinción e efectos, polas normas de dereito privado.

Có obxectivo de axustar a actuación de EVISLUSA nos contratos non suxeitos a regulación harmonizada ós principios de publicidade, concorrência, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación, dítanse as presentes Instrucións Internas de Contratación, aprobadas polo Consello de Administración da sociedade en sesión a celebrada ó día 12 de xuño de 2008, e se inserirán no Perfil do Contratante do Concello de Lugo, o cal se pode acceder a través do seu site corporativo na URL www.lugo.es.

Será obrigatoria para EVISLUSA a aplicación das previsións contidas nas presentes instrucións a tódalas licitacións que entren dentro do ámbito de aplicación das mesmas. En caso de modificación, esta terá efectos a partir da súa publicación no Perfil do Contratante. Para coñecer das posibles controversias que poidan xurdir entre o sociedade e os terceiros contratantes, a orde xurisdiccional competente será o civil.

Ámbito de aplicación destas instrucións.

As presentes instrucións serán de aplicación ós contratos que, segundo a LCSP, non están suxeitos a regulación harmonizada, e que son os seguintes:

- os contratos relacionados no artigo 13.2 da LCSP
- os contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II da LCSP
- os contratos de obras, subministres e contratos de servizos comprendidos nas categorías 1 a 16 do Anexo II da LCSP, ambas inclusive, cando non superen as seguintes contías:
 - contratos de obras e concesión de obras públicas: 5.150.000.- €, sen IVE
 - contratos de subministres: 206.000.- € sen IVE
 - contratos de servizos: 206.000.- € sen IVE

Estes umbrais entenderanse modificados de acordo ás disposicións que o efecto se diten pola Comisión Europea e se publiquen por Orde do Ministerio de Facenda.

Órganos de contratación.

De conformidade cós vixentes Estatutos de EVISLUSA, as competencias para levar a cabo tódalas actuacións necesarias para formalizar todo tipo de contratos corresponderás ós seguintes órganos da empresa:



- Presidente.- cando o valor estimado do contrato non supere o 5% do presuposto ordinario da sociedade ou cando o prazo de duración non sexa superior a un ano
- Consello de Administración.- cando o valor estimado do contrato supere o 5% do presuposto ordinario da sociedade ou cando o prazo de duración sexa superior a un ano

Tales órganos adoptarán a condición de órganos de contratación e lles corresponderá, entre outras funcións, a aprobación do Prego de Condicións Técnicas, Administrativas e de Contratación, a adxudicación e subscrición dos correspondentes contratos, incluída a súa renovación ou prórroga si estivese prevista, a súa modificación, interpretación, suspensión e resolución. Cando se trate do Consello de Administración, corresponderá ó Presidente a subscrición dos contratos en nome de EVISLUSA.

O órgano de contratación poderá constituír unha Mesa de Contratación para a cualificación da documentación presentada polos licitadores e para asistir ó citado órgano na adxudicación do contrato. A Mesa estará constituída polo Presidente, os vocais que se determinen e o Secretario. A súa composición será concretada, no seu caso, polo órgano de contratación, rexéndose o seu funcionamento polas normas establecidas na LCSP para as Administracións Públicas, salvo que o órgano de contratación dispoña outra cousa.

Capacidade e solvencia do empresario.

Os terceiros que desexen contratar con EVISLUSA deberán ter plena capacidade de obrar, non estar incurso en ningunha das causas de prohibición que se relacionan no artigo 49 da Lei 30/2007, e acreditar a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional de acordo ó que se estableza para cada contrato.

En ningún caso se poderá realizar a adxudicación a unha empresa cando o obxecto do contrato non estea comprendido nos fines, obxecto ou ámbito de actividade desta, segundo os seus estatutos ou regras fundacionais.

Sen prexuízo do que se estableza nos Pregos, os empresarios que sexan persoas xurídicas acreditarán a súa capacidade para realizar a contratación a que queiran concorrer mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos e o acto fundacional no que consten as normas que regulan a súa actividade, debidamente inscritos nos rexistros correspondentes. Para o caso de empresarios estranxeiros, estarase ó disposto no artigo 61.2 e 3 da LCSP.

Os pregos de Condicións Técnicas, Administrativas e de Contratación recollerán a documentación necesaria e os requisitos mínimos de solvencia que as empresas haberán de cumprir para demostrar estes extremos, podendo establecer EVISLUSA medios de proba para acreditar a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, distintos dos mencionados nos artigos 64 a 68 da LCSP.

En canto á clasificación das empresas, esta non será obrigatoria, salvo que nos Pregos se dispoña o contrario por parte do órgano de contratación. Non obstante, a clasificación que teñan as empresas será sempre medio de proba da solvencia segundo o disposto no artigo 63.2 da LCSP. A proba do contido dos Rexistros oficiais de licitadores e empresas clasificadas efectuarase mediante



certificación do órgano encargado do mesmo, que poderá expedirse por medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

Preparación dos contratos

O expediente de contratación iniciárase cunha Memoria xustificativa (solicitud de gasto), na que se incluírán os seguintes extremos:

- natureza e extensión das necesidades a cubrir a través do correspondente contrato, así como a idoneidade do seu obxecto e contido
- descrición das principais condicións do contrato
- xustificación do obxecto do contrato e das súas condicións para satisfacer as necesidades descritas

Esta memoria realizarase polo Director-Xerente e, tras o control orzamentario, procederase o inicio da tramitación formal do contrato.

Á vista do expediente, si o valor estimado do contrato excede das cantidades establecidas na LCSP como contrato menor (aqueles cuxo importe sexa inferior a 50.000.- €, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000.- € cando se trate doutros contratos), EVISLUSA elaborará un Prego de Condicións Técnicas, Administrativas e de Contratación que servirá como base para a adxudicación do contrato. Esta obriga poderá excluírse en circunstancias excepcionais, que haberán de ser acreditadas no expediente.

No Prego de Condicións Técnicas, Administrativas e de Contratación, incluírase:

- requisitos mínimos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, e medios de proba
- características básicas do contrato, incluíndo réxime de admisión de variantes e modalidades de recepción de ofertas
- criterios de adxudicación
- segundo as instrucións do contrato e no caso de que o órgano de contratación así o estime necesario, as garantías que deberán constituír os licitadores ou o adxudicatario
- condicións de subrogación en contratos de traballo cando sexa imposta de forma obrigatoria para o adxudicatario, de tal xeito que permita a avaliación dos custes laborais que puideran implicar para o mesmo tal medida

III.- Procedementos de contratación. (Táboas resumo anexo I)

En función do importe do contrato, e sen prexuízo das excepcións recollidas na LCSP e/ou nas presentes Instrucións, aplicaranse os seguintes procedementos de adxudicación:

Contrato menor

Para a tramitación dos contratos cuxos importes non superen as contías establecidas a continuación, só se esixirá a aprobación do gasto por parte do Presidente e a incorporación ó expediente da factura correspondente, que deberá reunir ós requisitos que a LCSP e as súas normas de desenvolvemento establezan. No caso de contrato de obras será necesario, ademais, o



presuposto das mesmas, sen prexuízo da existencia de proxecto cando as normas específicas así o requiran.

Contías:

- contrato de obras: de importe inferior a 50.000.- € (sen IVE)
- resto de contratos: de importe inferior a 18.000.- € (sen IVE)

Límites: estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano, nin ser obxecto de prórroga nin de revisión de prezos.

No caso de que o obxecto do contrato inclúa relacións mercantís con persoas físicas, cesión de dereitos de imaxe, cesión de dereitos de propiedade intelectual ou copyright, patrocinios ou intercambios publicitarios, intercambio de información confidencial ou acceso e/ou tratamento de datos de carácter persoal, as circunstancias que acrediten os acordos adoptados entre as partes recolleranse por escrito nun documento que haberá de ser firmado por ambas partes.

Procedemento negociado sen publicidade

Cando o prezo do contrato se atope dentro dos límites establecidos a continuación, EVISLUSA invitará a tres empresas suficientemente capacitadas do sector de actividade relacionado co obxecto do contrato a presentar unha oferta.

A información relativa a estas contratacións publicarase con antelación a súa formalización no Perfil do Contratante do Concello de Lugo, sempre que o importe estimado do contrato exceda de 50.000.- €. Á vista das ofertas, adxudicarase a execución dos traballos á oferta economicamente mais vantaxosa no seu conxunto, segundo os criterios que se tiveran establecido, no seu caso, no Prego.

Contías:

- contrato de obras: maior ou igual a 50.000.- € e menor A 200.000.- € (sen IVE)
- resto de contratos: maior ou igual a 18.000.- € e menor 60.000.- € (sen IVE)

Nestes casos, salvo circunstancias excepcionais, e sempre que o contrato exceda de 50.000.- €, EVISLUSA elaborará o correspondente Prego de Condicións Técnicas, Administrativas e de Contratación, que haberá de servir como base para a adxudicación do contrato.

Asemade, tramitarase como procedemento negociado os mesmos supostos nos que a LCSP exceptúa a publicidade nos procedementos de licitación para as Administracións Públicas. Concretamente, tramitaranse por esta vía aqueles contratos nos que por razóns técnicas ou artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos en exclusiva, o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado.

Procedemento negociado con publicidade

Cando o prezo do contrato se atope dentro dos límites establecidos a continuación, EVISLUSA adxudicará o contrato ó licitador xustificadamente



elixido polos responsables competentes tras efectuar as consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles, sendo obrigatoria a elaboración do correspondente Prego de Condicións Técnicas, Administrativas e de Contratación, e publicándose no Perfil do Contratante a información relativa á licitación.

Contías:

- contrato de obras: maior ou igual 200.000.- € e menor 1.000.000.- € (sen IVE)
- resto de contratos: maior ou igual 60.000.- € e menor 100.000.- € (sen IVE)

Procedemento aberto e restrinxido

Cando o prezo do contrato se atope dentro dos límites establecidos a continuación, EVISLUSA elaborará o correspondente Prego de Condicións Técnicas, Administrativas e de Contratación, que haberá de servir como base para a adxudicación do contrato á oferta economicamente mais vantaxosa no seu conxunto, segundo os criterios que se teñan establecido, publicándose a información relativa á licitación no Perfil do Contratante.

Todo empresario interesado poderá presentar unha oferta, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cós licitadores. As ofertas serán secretas ata o momento da súa apertura e se arbitrarán os medios para que teñan tal carácter. A apertura da oferta económica poderase realizar en acto público cando así se houbera previsto no Prego de Condicións Técnicas, Administrativas e de Contratación, indicando no anuncio o lugar, data e hora.

Contías:

- contrato de obras: maior ou igual 1.000.000.- € e menor a 5.150.000.- € (sen IVE)
- resto de contratos: maior ou igual 100.000.- € e menor a 206.000.- € (sen IVE)

Procedemento de contratación para os contratos harmonizados

Sen prexuízo das excepcións recollidas na LCSP (artigo 13.2 e contratos recollidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II da LCSP), cando o prezo do contrato supere o umbral establecido pola Comisión Europea, aplicarase o procedemento de contratación establecido na LCSP para os poderes adxudicadores para este tipo de contratos, coas adaptacións recollidas no artigo 174 da LCSP.

A regulación deste procedemento queda fora do ámbito de aplicacións das presentes Instrucións.

Contratos urxentes

Cando a urxencia da contratación así o requira, e tras a súa xustificación no expediente, os prazos establecidos nestas instrucións poderán reducirse á metade.



Publicidade das contratacións.

EVISLUSA publicará no Perfil do Contratante do Concello de Lugo tódolos anuncios de licitacións ou de contratacións no caso de procedemento negociado, cuxo importe sexa superior a 50.000.- €.

O anuncio da publicación conterá unha breve descrición dos detalles esenciais do contrato, o método de adxudicación e unha invitación, no seu caso, a poñerse en contacto con EVISLUSA en caso necesario. Asemade, esta información poderase completar con información adicional dispoñible no Perfil do Contratante ou previa petición a EVISLUSA., se así se establecera no Prego.

EVISLUSA establecerá un prazo mínimo de 10 días para a presentación de ofertas, salvo urxencia na contratación.

Proposicións dos licitadores

Sen prexuízo das especialidades que se recollan no Prego, os licitadores haberán de incluír nas súas ofertas toda a documentación necesaria para acreditar a capacidade e a solvencia requiridas, así como o cumprimento de tódolos requirimentos da oferta técnica, incluído a oferta económica.

As proposicións dos interesados deberán axustarse ó previsto no prego, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, sen salvedade ou reserva algunha.

As proposicións e a documentación complementaria presentaranse no prazo sinalado no anuncio de licitación. Tamén poderán presentarse proposicións por correo ou por mensaxeira, en cuxo caso o interesado deberá acreditar, có resgardo correspondente, a data de imposición do envío pola Oficina de Correos ou empresa de mensaxería e comunicar no mesmo prazo sinalado no parágrafo anterior ó órgano de contratación, por fax, télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición no caso que sexa recibida fora de prazo fixado no anuncio de licitación.

No obstante, transcorridos 5 días naturais desde a terminación do prazo, non será admitida ningunha proposición enviada por correo ou mensaxería, tendo en conta o establecido nós casos de urxencia.

En todo momento respectarase a igualdade dos licitadores e a transparencia no proceso.

Valoración.

Coa finalidade de adxudicar o contrato á oferta economicamente mais vantaxosa no seu conxunto, EVISLUSA recollerá no Prego que houbera de rexer a adxudicación de cada contrato o sistema de cualificación das ofertas.

Os criterios de valoración e ponderación atribuída a cada un deles, ou cando isto non fora posible, a súa cualificación por orde decrecente de importancia, virá claramente especificado no Prego, nun apartado exclusivamente a estes efectos. Asemade, recolleranse as cláusulas de rechazo das ofertas ou de determinación no seu caso, de ofertas anormalmente baixas.



Os criterios de valoración serán obxectivos e relacionados co obxecto do contrato, excluíndose a valoración de criterios referidos á experiencia ou características da empresa, que só poderán valorarse como solvencia.

No caso de non se ter presentado ofertas ou as presentadas non ser axeitadas, ser irregulares ou inaceptables, o procedemento declararse deserto.

Adxudicación e formalización do Contrato

O Xerente ou, de ser o caso, o persoal técnico de EVISLUSA, recollerá nun informe de adxudicación a valoración das ofertas recibidas conforme ós criterios establecidos no Prego, propoñendo ó órgano de contratación a adxudicación do contrato á oferta economicamente máis vantaxosa no seu conxunto. No caso de se ter constituído a Mesa de Contratación, será esta a que proceda a elevar ó órgano de contratación a proposta de contratación correspondente, que en todo caso, deberá recaer sobre a oferta economicamente máis vantaxosa.

A adxudicación do contrato será comunicada ós licitadores no prazo máximo de 2 días desde a data de adxudicación, podendo EVISLUSA a efectos informativos publicar a adxudicación do contrato no Perfil do Contratante.

O contrato perfeccionarase coa adxudicación entendida como acto único, sen diferenciar entre adxudicación provisional e definitiva, e formalizarase en documento privado con carácter xeral, podendo non obstante elevarse a escritura pública a requirimento das partes, sendo os gastos de conta da requirente.

Sen prexuízo do contido mínimo dos contratos establecido a continuación, ben sexa mediante a súa incorporación no propio contrato ou nos pregos, EVISLUSA poderá incluír calquera pacto, cláusula ou condición que estime procedente sempre que non sexa contraria ó interese público, ó ordenamento xurídico e ós principios de boa administración:

- 
- identificación das partes
 - acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o contrato
 - definición do obxecto do contrato
 - referencia á lexislación aplicable ó contrato
 - enumeración dos documentos que integran o contrato, podendo estar tal enumeración xerarquizada e ordenada segundo o orden de prioridade acordado polas partes, en cuxo caso e salvo erro manifesto, o orden pactado se utilizará para determinar a prevaleta respectiva en caso de que existan contradicións entre diversos documentos
 - prezo certo ou modo de determinalo
 - duración do contrato ou datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización, así como a prórroga ou prórrogas, si estivesen previstas
 - condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións
 - condicións de pago
 - supostos nos que procede a resolución
 - crédito orzamentario ou programa ou rúbrica contable con cargo a que se aboará o prezo, no seu caso
 - extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, de ser o caso, se impoña ó contratista.



Non se poderán incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigas diferentes dos establecidos nos Pregos ou, no seu defecto, no acto de adxudicación do contrato.

Execución.

O contrato adxudicado rexerá polo previsto nos Pregos, nas presentes Instrucións e polas normas de dereito privado que resulten de aplicación.

No Prego recolleranse as causas de extinción do contrato e os seus efectos.

O contrato non poderá cederse polo contratista salvo previa autorización por escrito do órgano de contratación. No prego poderá preverse a admisibilidade de subcontratación, que en ningún caso, poderá afectar a tódalas prestacións do contrato.

En caso de fusión, escisión ou transmisión de rama de actividade, o contrato proseguirá coa entidade resultante sempre que acredite solvencia suficiente.

As condicións para a modificación e/ou suspensión anticipada do contrato serán sometidas á normativa vixente en materia de contratación privada, polo que só se require o mutuo acordo das partes para a formalización das mesmas, excepto no caso da resolución anticipada para os casos legal ou contractualmente previstos, en cuxo caso, non será necesario o consentimento previo da outra parte que, en todo caso, poderá interpoñer a correspondente demanda ante o órgano xurisdiccional competente.

Arbitraje.

EVISLUSA poderá remitir a un arbitraje, conforme ás disposicións da Lei 30/2003, de 23 de decembro, de arbitraje, a solución das diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción dos contratos que celebren, sempre que no Prego non se estableza o contrario.

Racionalización e ordenación da contratación.

EVISLUSA poderá racionalizar e ordenar a adxudicación dos contratos, celebrando acordos marco, articular sistemas dinámicos de adquisición ou crear centrais de contratación de obras, subministres e servizos, axustándose ó previsto nos artigos 180 a 187 da LCSP.

Anexo I.- Procedementos de contratación

I.- Contratos menores

Obras	de importe inferior a 50.000.- € (sen IVE)
Resto de contratos	de importe inferior a 18.000.- € (sen IVE)

Requisitos

- poderanse adxudicar a calquera empresario con capacidade e habilitación profesional suficiente para realizar a prestación
- non é necesario publicidade nin pregos



- non necesita contrato formal
- nos contratos de obras de obras será necesario memoria valorada e/ou informe de supervisión nos casos legalmente previstos

II.- Procedemento negociado sen publicidade

Obras maiores ou iguais a 50.000.- € e menores a 200.000.- € (sen IVE)

Resto de contratos maiores ou iguais a 18.000.- € e menores a 60.000.- € (sen IVE)

Requisitos

- deberanse solicitar un mínimo de 3 ofertas a 3 empresas
- non é necesario realizar publicidade da licitación, se ben cando a contía do contrato supere os 50.000.- €, de conformidade có establecido no artigo 175.c) da LCSP, deberá publicarse no perfil do contratante a información relativa á contratación que corresponda
- obrigatorio realizar pregos si supera 50.000.- €

III.- Procedemento negociado con publicidade

Obras maiores ou iguais 200.000.- € e menores 1.000.000.- € (sen IVE)

Resto de contratos maiores ou iguais 60.000.- € e menores 100.000.- € (sen IVE)

Requisitos

- publicarse a licitación no Perfil do Contratante
- a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polos responsables competentes tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios de eles
- será obxecto de publicidade, polo que será posible a presentación de ofertas en concorrencia por calquera empresario interesado
- obrigatorio realizar pregos

IV.- Procedemento ordinario

Obras maiores ou iguais 1.000.000.- € e menores a 5.150.000.- € (sen IVE)

Resto de contratos maiores ou iguais 100.000.- € e menores a 206.000.- € (sen IVE)

Requisitos

- publicarse a licitación no Perfil do Contratante
- obrigatorio realizar pregos
- todo empresario interesado poderá presentar unha oferta, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cós licitadores. As ofertas serán secretas ata o momento da súa apertura e se arbitran os medios para que teñan tal carácter
- a apertura e valoración das ofertas recibidas efectuarase polo responsable do inicio do expediente ou, no seu caso, pola Mesa de Contratación, que poderá solicitar os informes técnicos que estime pertinentes sobre as ofertas presentadas e, no seu caso, requirir ás empresas para que subsanen os defectos que se detecten na



documentación presentada. A apertura da oferta económica poderase realizar en acto público cando así se tivera previsto no prego, indicando no anuncio o lugar, data e hora. O responsable do expediente ou, no seu caso, a Mesa elevará a proposta de adxudicación ós responsables competentes para a adxudicación

- a adxudicación do contrato acordarase polos órganos competentes a favor da oferta economicamente mais vantaxosa por resolución motivada que deberá notificarse ós candidatos ou licitadores e publicarse no Perfil do Contratante

no caso de que non se tiveran presentado ofertas ou as presentadas sexan inadecuadas, irregulares ou inaceptables, o procedemento declararase."

E para que conste e surta os efectos procedentes, expido a presente certificación, en Lugo, a 12 de xuño de 2008, co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do Consello de Administración de EVISLUSA.

O Alcalde-Presidente do Consello,

O Secretario do Consello,

Asdo.: José C. López Orozco.

Asdo.: Luis Regal Pavón.